



# Vente aos Reis Magos a desfilarm pola cidade máis fermosa

## Bases de participación do Concurso

(Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30 de novembro de 2012)

**1.** O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas ou nenos para acompañar aos Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2013. As nenas e nenos serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.

**2.** Neste concurso poderán participar todas as nenas e nenos da cidade que o desexen. A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2004, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

**3.** Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena ou neno; serán eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.

**4.** As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 10 de

decembro e finalizará ás 20 horas do día 17 de decembro de 2012.

**5.** O sorteo realizarase o día 20 de decembro de 2012, ás 12 horas, na Casa do Concello.

**6.** No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionados/as, obteranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

**7.** Os pais, nais ou titores das nenas e nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Cultura e Festas, asinar a

pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do Libro de Familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.

**8.** O Concello de Vigo ofrecerá ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.

**9.** O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

**10.** A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

